

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XANEIRO DE 2020**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2020.....	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual xaneiro 2020.....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en xaneiro de 2020.....	20
6.4.	Evolución da precipitación en xaneiro de 2020.....	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	28
9	RAIOS.....	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 06/02/2020



Mes cálido e acumulados de chuva normais pero distribuídos de xeito heteroxéneo.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xaneiro quedou caracterizado polas situacións anticiclónicas, aínda que se viron interrompidas pola chegada de borrascas, que foron particularmente activas a mediados e finais do mes. Esta alternancia deixa uns valores tanto de temperatura como de chuvia moi próximos ao normal.

O primeiro día do mes foi anticiclónico, polo que as néboas e as xeadas no interior foron protagonistas pola mañá, mentres que os ceos quedaron máis abertos pola tarde. A xornada do día 2 foi de transición, xa que unha fronte foise achegando a Galicia, deixando un aumento das nubes durante o día. Esa fronte pasaba sobre Galicia o día 3, deixando unha xornada con algunhas chuvias que en xeral non foron moi cuantiosas.

As altas presións recuperaron o seu dominio na xornada do 4 e permaneceron sobre Galicia 4 días, deixando ata o día 8 tempo seco, pero moi frío durante as mañás, con néboas persistentes en puntos do interior.

O día 8 foi de transición, con algunhas nubes e orballos no litoral e na xornada do 9 outra fronte deixaba algunhas precipitacións, pero ao igual que as do día 3 foron en xeral pouco cuantiosas. De novo ese aumento da inestabilidade foi transitorio, xa que o día 10 recuperabamos a influencia das altas presións, que persistiron durante 3 xornadas, deixando un tempo moi tranquilo nas xornadas do 10, 11 e 12.

Na xornada do 13 unha borrasca profunda colleu a Galicia no límite do seu radio de acción, deixando ventos intensos do sur e algunhas chuvias en puntos do oeste, situación que volveu a repetirse o día 14, con chuvias algo máis intensas e que afectaron a máis puntos que as da xornada anterior. Na noite do 14 ao 15 unha fronte deixaba chuvia xeneralizada, pero logo as horas diúrnas desa xornada foron bastante tranquilas.

O 16 foi unha xornada de temporal, tanto por vento, que superou os 100 km/h en moitos lugares, como por chuvia, con acumulados que nalgúns puntos do oeste da Coruña chegaron a superar os 100 l/m². O 17 foi un día con algúns chuvascos matinais e temperaturas á baixa, pero mellorando pola tarde.



O 18 unha borrasca, que se convertería posteriormente na borrasca Gloria pasaba sobre Galicia deixando un sábado con algunhas precipitacións durante a tarde. A partir do 19 as altas presións volveron a dominar a situación, estabilizando a atmosfera.

Os días 20 e 21 quedamos nunha situación intermedia, con altas presións ao norte e a borrasca Gloria no Mediterráneo occidental formándose un corredor de isóbaras que deixaba fortes ventos do nordés e unha intensa sensación de frío en toda a Comunidade.

O 22 esa situación foise relaxando e entre o 23 e o 26 a situación meteorolóxica foi moi indefinida, xa que tanto a borrasca do Mediterráneo como o anticiclón das illas Británicas foron debilitándose, polo que tivemos días de ceo parcialmente anubrado, con algún chuvasco moi illado e ocasional durante as tardes.

O día 27 Galicia sufriu o paso de dúas fronteas, sendo máis activa a segunda que a primeira, recolléndose cantidades importantes de precipitación. O 28 foi de transición, pero unha nova borrasca activa afectábanos o 29, con novas precipitacións intensas e persistentes en toda Galicia.

Os días 30 e 31 quedamos na influencia das baixas presións, con ventos de compoñente sur que deixaban días con non moitas precipitacións, pero si moita humidade e temperaturas moi suaves.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e tamén no mapa de 500 hPa (Figura 2) apréciase unha forte anomalía positiva que se sitúa sobre o centro de Europa. Esta anomalía é a responsable do predominio da situación anticiclónica en Galicia este mes de xaneiro e as temperaturas en xeral cálidas. Pódese ver tamén sobre Islandia unha anomalía negativa, responsable da chegada o último terzo do mes de algunhas borrascas que deixaron chuvias especialmente no noroeste da Comunidade .

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Xaneiro-2020.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Xaneiro-2020.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	XANEIRO 2020 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.8/11.5	10.8	12.4 (2016)	8.5 (1976)
Tª mínima media	9.2/8.9	8.2	10.2 (1966)	4.9 (1953)
Tª mínima absoluta	4.1/4.4 (día 5)	-0.8 (01/01/1971)		
Tª mínima máis alta	15.4/15 (día 31)	15.6 (10/01/1998)		
Tª máxima media	14.5/14.1	13.4	14.9 (2016)	11.3 (1985)
Tª máxima absoluta	18.9/18.5(día 31)	21.2 (26/01/1983)		
Tª máxima máis baixa	10.8/10.6 (día 21)	4.6 (10/01/2010)		
Precipitación acumulada	116	79-132	342 (1948)	3 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	9	14	27 (2014)	1 (1964)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas medias, máximas e mínimas, especialmente estas últimas.

A precipitación rexistrada está dentro do rango normal de valores para esta variable, aínda que o número de días de chuvia é inferior ao valor climático.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2020. Temperatura: 1948-2020.

SANTIAGO

	XANEIRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.1	8.8	10.7 (1982)	6.9 (1985)
Tª mínima media	6.0	5.2	7.4 (1982)	2.0 (1992)
Tª mínima absoluta	0.3 (día 11)	-4.3 (09/01/1985)		
Tª mínima máis alta	12.3 (día 31)	13.7 (22/01/2016)		
Tª máxima media	12.2	12.4	14.0 (1982)	10.6 (1985)
Tª máxima absoluta	15.0 (día 3)	21.2 (12/01/1997)		
Tª máxima máis baixa	9.4 (día 20)	3.1 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	287	186-251	523 (2001)	44 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	15	15	28 (2014)	3 (1983)

Comentario: Mes lixeiramente cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e lixeiramente frío para as máximas. Como resultado disto a temperatura media resultou normal.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, pese a que o número de días de chuvia foi igual ao valor climático. Considérase o mes húmido.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2020. Temperatura: 1982-2020.



LUGO

	XANEIRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	7.7	6.3	8.4 (1988)	3.9 (1985)
Tª mínima media	3.2	2.4	5.6 (1988)	-0.9 (1992)
Tª mínima absoluta	-2.8 (día 2)	-8.0 (10/01/1985)		
Tª mínima máis alta	12.7 (día 31)	12.6 (03/01/2018)		
Tª máxima media	12.1	10.2	12.7 (1993)	6.7 (1985)
Tª máxima absoluta	16.4 (día 8)	20.2 (24/01/2016)		
Tª máxima máis baixa	7.2 (día 1)	3.7 (03/01/2019)		
Precipitación acumulada	90	62-124	247 (2001)	23 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	11	13	27 (2001)	3 (2000)

Comentario: Mes cálido en canto ás mínimas, acadándose a efeméride de temperatura mínima absoluta máis alta. En canto ás máximas e ás medias o mes foi moi cálido.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable. O número de días de chuvia é algo inferior ao valor climático agardado, aínda que próximo.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1981-2020. Temperatura: 1981-2020.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XANEIRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.4	9.5	12.1 (1966)	7.2 (1976)
Tª mínima media	6.4	5.0	8.8 (1966)	1.2 (1976)
Tª mínima absoluta	0.9 (día 1)	-4.5 (14/01/1987)		
Tª mínima máis alta	13.6 (día 31)	15.6 (01/01/2003)		
Tª máxima media	14.3	14.0	15.6 (1958)	11.6 (1972)
Tª máxima absoluta	17.1 (día 22)	23.5 (25/01/1959)		
Tª máxima máis baixa	9.8 (día 1)	3.0 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	192	172-204	536 (1970)	24 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	9	14	28 (2014)	3 (1992)

Comentario: As temperaturas medias e mínimas este mes de xaneiro foron cálidas. As máximas quedaron lixeiramente cálidas.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable, pese a que o número de días de chuvia foi menor ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2020. Temperatura: 1958-2020.



OURENSE

	XANEIRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.1	8.1	11.1 (1982)	4.4 (1976)
Tª mínima media	3.7	3.4	7.3 (1982)	-1.9 (1976)
Tª mínima absoluta	-1.2 (día 21)	-7.0 (10/01/1985)		
Tª mínima máis alta	12.2 (día 30)	15.0 (03/01/2018)		
Tª máxima media	12.5	12.7	14.8 (1982)	9.9 (1972)
Tª máxima absoluta	18.4 (día 31)	22.0 (27/01/2003)		
Tª máxima máis baixa	3.4 (día 1)	1.0 (07/01/1973)		
Precipitación acumulada	77	69-98	221 (2016)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	9	11	23 (2014)	0 (1981)

Comentario: Mes normal respecto á temperatura media. As máximas e as mínimas tamén quedaron dentro do rango de valores esperables.

A precipitación está tamén dentro do rango normal e o número de días de chuvia foi lixeiramente inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2020. Temperatura: 1972-2020.



5 TEMPERATURA

Os valores de temperatura media estiveron moi preto da normalidade, xa que aínda que o mes comezou con moito frío, as borrascas de mediados e finais do mes achegaron masas de aire morno que fixeron ascender os termómetros.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xaneiro de 2020.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xaneiro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 11.2 °C. Os valores máis altos rexistráronse principalmente en zonas costeiras das Rías Altas e da Costa Ártabra, con valores de temperatura máxima



media que superaron os 14 °C. Os valores máis baixos déronse principalmente na alta montaña luguesa e ourensá, cunha temperatura máxima media entre 5 °C e 8 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xaneiro para o territorio galego foi de 4°C, sendo os valores máis baixos os rexistrados nas comarcas da Limia, Terra de Trives e Valdeorras con valores próximos aos 0 °C. Os valores máis altos déronse principalmente en puntos moi localizados do litoral con valores de máis de 8 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xaneiro de 2020.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de xaneiro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de 1.1 °C. Neste mes, as anomalías foron en practicamente todo o territorio positivas, acadando o valor máximo no leste de Lugo, cunha anomalía de +2 °C. Os valores máis baixos déronse na zona da Ría de Noia, con apenas unhas décimas por debaixo do normal.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xaneiro respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse sobre todo na provincia de Lugo. As anomalías máis baixas déronse maioritariamente na provincia de A Coruña, sen embargo foron bastante altas e en moitos casos incluso positivas (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Triacastela	Lugo	2.4
Cervantes	Lugo	2.2
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.2
Becerreá	Lugo	2.2
Nogais (As)	Lugo	2.1
Samos	Lugo	2.1
Baralla	Lugo	2.0
Fonsagrada (A)	Lugo	2.0
Láncara	Lugo	1.9
Cedeira	A Coruña	1.9

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de xaneiro de 2020.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Carnota	A Coruña	-0.2
Ribeira	A Coruña	-0.1
Muros	A Coruña	-0.1
Pobra do Caramiñal	A Coruña	0.0
Illa de Arousa (A)	Pontevedra	0.0
Fisterra	A Coruña	0.0
Boiro	A Coruña	0.1
Corcubión	A Coruña	0.1
Esgos	Ourense	0.2
Porto do Son	A Coruña	0.2

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de xaneiro de 2020.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de xaneiro de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. En diferentes días do mes se acadaron máis de 19 °C en estacións por debaixo dos 1000 m. Para as de altitudes altas, sen embargo, destaca especialmente o día 1 de xaneiro en canto ás temperaturas máximas máis altas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/01/2020	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	20.3
31/01/2020	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	20.3
15/01/2020	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	20.1
31/01/2020	Borreiros	VIVEIRO	Lugo	19.9
31/01/2020	Coruña-Bens	A CORUÑA	A Coruña	19.9
08/01/2020	Santa Cruz	O VALADOURO	Lugo	19.7
31/01/2020	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	19.6
31/01/2020	Cariño	CARIÑO	A Coruña	19.1
31/01/2020	Coruña-Torre de Hércules	A CORUÑA	A Coruña	18.9
31/01/2020	Vilamor	MONDOÑEDO	Lugo	18.9

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2020 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/01/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	18.2
01/01/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	17.0
01/01/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	16.3
01/01/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	15.7
01/01/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	15.7
08/01/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	15.4
01/01/2020	Xares	A VEIGA	Ourense	14.7
01/01/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	14.7
08/01/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	14.5
01/01/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	13.9

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2020 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xaneiro de 2020 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destaca o día 20 nas estacións situadas por enriba dos 1000 m de altitude, aínda que non foron temperaturas excesivamente baixas, acadándose valores máis pequenos en estacións a menor altitude.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
20/01/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-7.5
20/01/2020	Xares	A VEIGA	Ourense	-6.1
20/01/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5.9
20/01/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5.6
21/01/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5.2
20/01/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	-4.4
12/01/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-3.8
20/01/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	-3.5
20/01/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	-3.3
20/01/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	-2.7

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2020 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/01/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-9.7
21/01/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	-6.8
12/01/2020	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-6.6
02/01/2020	Bóveda	BÓVEDA	Lugo	-5.9
12/01/2020	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-5.6
02/01/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	-5.4
07/01/2020	Ríós	RIÓS	Ourense	-5.2
12/01/2020	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-4.4
02/01/2020	Lanzós	VILALBA	Lugo	-4.3
02/01/2020	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-4.2

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2020 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2020.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020 para esta serie foi 8.6 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2020 para xaneiro.

A anomalía media da temperatura para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.6 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. Isto debeuse tanto ás temperaturas mínimas, que quedaron cálidas cunha anomalía positiva de +0.7 °C; como ás temperaturas máximas, que presentaron unha anomalía tamén positiva de +0.5 °C. Esta anomalía na temperatura media é similar á rexistrada no 2018.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xaneiro, respecto ó período 1981-2010

6 PRECIPITACIÓN

A media das chuvias en toda Galicia achegouse moito á normalidade durante este mes. As precipitacións concentráronse en poucas xornadas, pero as fronteas que chegaron nas xornadas do 16, 27 e 29 foron moi activas e nalgúns lugares explican practicamente toda a precipitación que pode caer nun mes de xaneiro normal.

A chuvia media no mes de xaneiro obtida a partir dos valores do mapa (figura 8) foi de 180 L/m², resultando un mes de xaneiro normal no conxunto da Comunidade, pese a isto a distribución xeográfica das chuvias foi moi desigual.

6.1. Precipitación acumulada mensual xaneiro 2020




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xaneiro de 2020.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xaneiro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 3.5% inferior ao período de referencia 1981-2010. Pese a este valor dentro do rango normal, a distribución xeográfica das chuvias foi moi desigual este mes de xaneiro. Así, na metade noroeste de Comunidade chegaron a duplicarse os valores normais de chuvia, mentres que a metade sueste quedou seca, con localidades onde choveu menos do 60 %.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xaneiro de 2020

6.3. Días de chuvia en xaneiro de 2020

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 11.6. Os valores máis altos rexistráronse no Norte e Oeste da Comunidade, obtendo Labrada o maior número de días de chuvia do mes: 17. As zonas da provincia de Ourense foron as que menos días de chuvia presentaron, con valores entono ós 6/7 días en todo o mes.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de xaneiro de 2020.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de xaneiro. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superaron os 400 L/m² en moitas estacións, principalmente da provincia de A Coruña. A segunda quincena do mes foi cando máis precipitación se registrou en menor tempo, recolléndose máis de 100 L/m² en 24 horas en moitas estacións, novamente predominantes da provincia de A Coruña.

Precipitacións acumuladas máximas en xaneiro de 2020			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	578
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	473
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	459
Costa	ROIS	A Coruña	454
Cespón	BOIRO	A Coruña	452
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	432
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	405
Castrove	POIO	Pontevedra	383
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	381
Lesende	LOUSAME	A Coruña	366

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2020.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Cespón	BOIRO	A Coruña	134	29/01/2020 04:10
Lesende	LOUSAME	A Coruña	126	15/01/2020 19:30
Muralla	LOUSAME	A Coruña	125	29/01/2020 09:20
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	116	15/01/2020 23:30
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	112	16/01/2020 00:00
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	106	28/01/2020 18:20
Labrada	ABADÍN	Lugo	103	28/01/2020 20:00
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	103	16/01/2020 00:30
Castrove	POIO	Pontevedra	103	28/01/2020 17:20
Sálvora	RIBEIRA	A Coruña	101	16/01/2020 00:00

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xaneiro de 2020.

6.4. Evolución da precipitación en xaneiro de 2020

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020, para esta serie, foi 156 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2020 para xaneiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 4.3 % por encima do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como normal, tendo en conta a totalidade da Comunidade, situación que se leva observando xa nos xaneiros dos últimos tres anos.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Os ventos máis fortes (Táboa 9) rexistráronse a terceira semana do mes, especialmente o día 16, xornada de forte temporal na que en moitas estacións se anotaron ventos furacanados de máis de 120 km/h. Nas táboas 12-14 refléxase ademais a baixa porcentaxe de calmas deste mes.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
14/01/2020	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	155.3
16/01/2020	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	140.0
16/01/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	137.8
13/01/2020	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	132.4
16/01/2020	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	131.8
16/01/2020	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	123.4
15/01/2020	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	123.0
19/01/2020	San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	119.2
15/01/2020	Muralla	LOUSAME	A Coruña	117.8
14/01/2020	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	116.5
19/01/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	116.3
14/01/2020	Burela	BURELA	Lugo	115.7
14/01/2020	Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	115.7
27/01/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	112.9
16/01/2020	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	108.4
16/01/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	107.2
16/01/2020	Ons	BUEU	Pontevedra	106.9
15/01/2020	Cariño	CARIÑO	A Coruña	105.7
16/01/2020	Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	103.9
09/01/2020	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	103.1
16/01/2020	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	102.5
14/01/2020	Fragavella	ABADÍN	Lugo	102.2
19/01/2020	Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	101.8
20/01/2020	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	101.3



16/01/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	101.2
15/01/2020	Santiago-EOAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A Coruña	100.8
30/01/2020	Foz	FOZ	Lugo	100.5

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xaneiro de 2020.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
A Gándara	Vimianzo	140.0	SO	4	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN A Gándara (10163) # 01/01/2020 a 01/02/2020/10001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) A Gándara (10163) # 01/01/2020 a 01/02/2020</p>
		Día 16				
Pta. Candieira	Cedeira	132.5	O	7	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Punta Candieira (10092) # 01/01/2020 a 01/02/2020/10001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (10092) # 01/01/2020 a 01/02/2020</p>
		Día 13				
Malpica	Malpica	101.2	O	5	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Malpica (10063) # 01/01/2020 a 01/02/2020/10001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (10063) # 01/01/2020 a 01/02/2020</p>
		Día 20				
Marco da Curra	Monfero	97.6	SO	3	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Marco da Curra (10048) # 01/01/2020 a 01/02/2020/10001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Marco da Curra (10048) # 01/01/2020 a 01/02/2020</p>
		Día 14				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2020 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	155.2	SE	4	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Penedo do Galo (19194) # 01/01/2020 a 01/02/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Penedo do Galo (19194) # 01/01/2020 a 01/02/2020</p>
		Día 14				
Ancares	Cervantes	116.3	S	15	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Ancares (19082) # 01/01/2020 a 01/02/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Ancares (19082) # 01/01/2020 a 01/02/2020</p>
		Día 19				





Táboa 11: Resumo vento no mes de xaneiro de 2020 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	113.0	O	4	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Cabeza de Manzaneda (19131) # 01/01/2020 a 01/02/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Cabeza de Manzaneda (19131) # 01/01/2020 a 01/02/2020</p>
		Día 27				
Rodicio	Maceda	81.4	SO	14	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Alto do Rodicio (10087) # 01/01/2020 a 01/02/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Alto do Rodicio (10087) # 01/01/2020 a 01/02/2020</p>
		Día 16				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	64.4	S	48		
		Día 14/16				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2020 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	101.9	S	12		
		Día 19				
Ons	Bueu	106.9	S	8		
		Día 16				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2020 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xaneiro de 2020.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou neste mes de xaneiro 88 raios. Como se pode ver na figura 15 (a excepción do día 18 no que caeron 2 raios), todos os demais se rexistraron na xornada do 16 de xaneiro, día de temporal no que tamén se rexistraban fortes ventos e grandes acumulacións de precipitación.




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en xaneiro de 2020.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, máis da metade caeron na provincia de Lugo.



Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en Xaneiro de 2020.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en xaneiro en Galicia dende o ano 2010 ao 2020. Nesta gráfica pódese observar que este mes de xaneiro o número de raios non foi moi elevado, sendo o terceiro no que menos se rexistraron deste período de 11 anos.



Figura 17: Número total de raios rexistrados en xaneiro dende 2010 a 2020.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 1

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Gándara	8.4	10.57	13.1	23	6.4	1.6	1	281	66.5	16	251	89	96	78	35	101	516	29	140	16	974	23	0				
Aldea Nova	9.5	12.15	15.9	31	7.2	4.0	5	208	60.6	16	--	86	98	71	34	96	503	--	--	--	991	21	0				
Arzúa	7.6	12.07	16.0	31	3.8	-2.7	2	207	50.8	16	127	89	98	69	40	114	565	7	61	14	980	16	7				
Camariñas	11.4	13.39	15.5	30	9.2	3.2	11	173	46.7	16	126	87	96	75	39	112	578	23	103	16	1023	17	0				
Cariño	11.7	14.14	19.1	31	9.0	4.5	2	173	58.8	16	128	81	93	68	35	100	524	18	105	15	1023	15	0				
Cespón	10.1	13.89	17.1	24	6.6	0.2	1	452	133.3	29	420	89	98	72	39	111	540	8	82	15	1019	16	0				
CIS Ferrol	10.7	14.11	17.5	31	7.6	1.9	5	171	54.4	29	128	81	93	64	35	100	527	12	86	20	1020	15	0				
Corrubedo	10.9	13.73	16.8	24	8.5	4.1	1	229	74.9	16	190	83	92	69	36	101	551	13	91	16	1021	16	0				
Coruña-Bens	12.8	15.31	19.9	31	10.4	5.8	5	113	44.2	16	**	84	90	75	**	**	530	16	91	14	1010	12	0				
Coruña-Dique	11.4	14.03	17.8	31	8.8	3.8	5	74	36.4	16	**	77	89	63	**	**	**	21	95	14	1022	10	0				
Coruña-Torre de Hércul	11.7	14.54	18.9	31	9.2	4.1	5	115	44.0	16	**	74	86	60	**	**	**	**	**	**	**	11	0				
**Costa	9.5	13.15	15.9	3	6.3	0.8	5	**	**	29	**	93	99	79	**	**	**	5	57	15	1004	**	0				
**Coto Muiño	8.3	12.15	13.9	3	4.7	-2.6	11	404	112.3	16	**	93	99	77	**	**	**	7	74	14	**	20	2				
Fontecada	8.1	11.36	13.8	3	5.1	-1.0	5	459	102.3	16	265	85	92	72	33	94	491	15	95	16	981	19	1				
**Guísamo	10.1	13.46	16.7	31	7.5	2.8	5	120	50.6	16	**	78	88	63	**	**	**	6	54	15	1003	17	0				
**Lesende	9.9	13.06	15.8	3	7.0	1.9	1	365	126.4	16	333	82	90	69	36	104	513	3	65	16	1004	16	0				
Lira	10.3	12.78	15.1	23	6.9	2.1	5	334	82.8	16	--	83	92	68	--	--	585	--	--	--	**	22	0				
Mabegondo	9.5	13.93	17.8	31	5.1	-2.1	5	133	56.4	16	97	88	98	70	41	118	591	10	76	20	1013	13	4				
Malpica	10.4	13	17.5	31	8.2	3.8	5	151	54.9	16	116	89	98	74	41	118	579	25	101	20	1004	17	0				
Melide	7.3	12.06	15.9	31	3.6	-2.8	1	190	39.9	29	160	86	96	66	41	116	551	7	75	20	968	15	7				
Muralla	7.4	9.52	13.6	1	5.5	1.7	20	577	111.0	29	553	92	99	80	33	96	466	28	117	15	946	18	0				
**O Val	10.3	13.94	18.1	31	6.8	0.9	11	230	65.6	16	**	83	93	68	**	**	**	5	58	18	1016	19	0				
Olas	8.1	11.55	14.6	31	5.0	0.5	1	210	72.2	16	179	88	98	71	37	105	523	17	82	16	**	18	0				
**Ordes	8.2	12.54	15.2	3	4.3	-2.2	11	252	86.3	16	**	85	93	68	**	**	**	6	63	20	991	16	9				
**Paramos	8.2	11.39	14.0	31	5.2	0.6	5	473	116.4	16	**	96	100	85	**	**	**	11	67	20	980	20	0				
**Pazo de Galegos	9.1	13.07	16.3	31	5.5	-1.4	11	187	65.0	16	153	92	99	77	41	117	566	4	42	16	997	13	6				
Punta Candieira	10.3	12.12	16.6	31	8.5	4.9	20	76	27.6	16	32	83	96	69	36	103	528	38	132	13	992	19	0				
Punta Langosteira	11.8	13.85	18.0	31	9.5	4.7	5	33	20.2	16	**	81	93	69	44	125	570	25	108	16	1021	10	0				
Río do Sol	7.4	10.19	12.7	31	5.1	1.0	1	264	81.4	16	240	92	99	79	33	94	488	24	115	14	960	20	0				
**Rus	9.8	14.11	17.3	31	5.6	-0.3	11	212	79.0	16	**	90	99	73	**	**	**	6	65	14	1008	17	2				
Sálvora	11.4	13.22	15.4	22	9.6	5.6	1	236	101.4	16	191	84	92	73	44	127	615	25	91	16	**	14	0				
Santiago-EOAS	9.0	12.18	15.0	3	6.1	0.3	11	286	81.4	16	253	86	95	70	38	108	520	16	100	15	994	16	0				
Santiago-San Lázaro	8.8	12	15.9	3	5.9	-0.3	11	196	52.3	16	163	85	94	70	39	111	514	12	75	21	988	16	**				
Sergude	8.7	12.67	15.6	31	5.4	-0.3	6	197	62.5	16	**	88	97	70	27	77	414	**	**	**	**	17	3				
Serra da Faladoira	7.6	9.91	14.8	31	5.1	1.9	11	231	54.6	16	--	--	--	--	38	108	550	26	93	20	956	21	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 1

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	hPa		Choiva	Xeada	
Lugo																										
A Pontenova	8.5	11.78	17.4	31	5.7	-0.2	1	91	16.8	16	**	78	94	61	36	100	555	23	131	16	**		14	1		
Abradelo	6.6	9.98	15.1	1	3.6	-3.0	5	107	20.4	27	**	73	89	55	43	122	591	**	**	**	**		13	4		
**Alto do Faro	5.8	8.94	15.0	1	2.9	-1.5	5	144	31.6	16	**	75	86	57	**	**	**	8	66	20	927		12	5		
**Alto do Poio	3.9	6.31	14.7	1	1.6	-5.2	21	180	34.9	15	**	76	89	59	**	**	**	10	76	19	**		16	10		
Ancares	4.3	7.3	15.7	1	1.8	-4.4	20	91	20.6	18	--	72	87	52	45	127	588	23	116	19	869		12	10		
**Borreiros	10.1	14.32	19.9	31	6.4	0.9	11	154	50.3	16	118	83	96	64	37	98	519	8	67	19	1016		15	0		
Bóveda	6.5	11.63	16.6	31	2.5	-5.9	2	91	19.1	29	--	83	95	62	--	--	576	6	74	16	974		12	10		
Burela	9.1	11.64	16.8	31	7.1	4.5	1	79	20.1	16	37	81	93	65	41	117	600	18	115	14	974		12	0		
Campus Lugo	6.9	12.11	16.4	8	3.2	-2.8	2	89	17.4	27	57	87	98	64	40	114	586	6	71	20	977		14	10		
Castro R. de Lea	6.9	11.41	16.5	31	3.3	-3.4	12	102	21.9	29	**	88	97	69	39	112	561	**	**	**	975		13	10		
Conchada	6.6	11.11	15.2	8	3.3	-1.2	20	99	18.8	15	**	83	96	64	43	124	594	**	**	**	**		12	5		
Corno do Boi	6.8	9.68	14.3	1	4.3	-0.3	5	193	45.4	16	162	86	97	70	36	101	510	17	82	15	**		18	1		
Cospeito	6.7	11.41	16.4	31	3.1	-3.3	2	129	28.3	16	103	91	99	72	34	96	504	8	71	14	**		17	10		
Courel	6.2	10.22	14.2	31	3.2	-3.0	5	152	32.8	29	115	75	91	56	41	118	570	9	76	14	934		12	4		
Fontaneira	5.4	8.65	13.7	7	2.6	-1.6	20	142	32.4	29	-4	96	100	89	41	99	518	20	103	9	910		15	3		
Foz	9.9	13.93	18.8	31	6.5	0.6	2	72	15.4	16	22	78	91	62	42	118	582	16	100	30	1016		15	0		
Fragavella	6.4	9.49	13.9	31	3.6	-2.5	1	198	40.6	16	--	86	97	68	41	116	568	21	102	14	953		20	5		
Guitiriz-Mirador	6.8	9.56	14.4	31	4.3	-0.8	1	195	50.2	16	169	88	97	71	30	86	467	13	77	20	944		17	1		
**Labrada	6.6	9.26	13.7	31	4.1	-1.2	1	323	100.6	29	295	87	98	71	30	86	470	14	70	19	**		21	1		
**Lanzós	6.4	10.9	15.7	31	2.4	-4.3	2	146	40.0	16	**	89	97	71	**	**	**	5	63	20	968		18	12		
**Lourenzá	9.8	14.31	19.6	31	5.8	-1.5	2	111	26.6	16	**	79	94	60	**	**	**	8	72	14	**		12	4		
Marroxo	7.0	10.17	15.6	31	4.1	-0.8	1	72	18.6	15	35	81	94	64	43	124	575	12	81	14	950		12	3		
**Millara	7.3	12.15	17.0	31	4.1	-0.9	2	98	27.1	27	**	87	98	65	**	**	**	7	81	16	**		12	4		
Monforte	6.8	11.73	18.4	31	2.9	-3.3	21	66	18.6	15	39	88	99	65	25	69	478	4	53	16	**		11	14		
**Morelle	6.5	11.89	17.3	31	2.0	-5.3	2	88	15.6	29	--	87	98	65	32	92	528	5	56	16	975		14	13		
O Cebreiro	3.5	7.22	15.7	1	0.6	-5.6	20	163	40.0	29	130	80	93	63	41	116	570	13	85	18	875		13	17		
O Xipro	6.7	10.54	15.9	8	3.9	-1.5	5	102	17.1	16	63	80	96	59	43	122	601	16	85	14	932		14	1		
**Olveda	6.2	10.77	14.6	8	2.7	-3.6	1	117	22.7	29	90	86	96	68	32	92	527	4	53	20	**		12	9		
Pedro Murias	11.1	14.57	20.3	31	7.9	2.9	2	70	13.1	16	--	80	95	64	33	95	492	14	92	14	1019		14	0		
Penedo do Galo	7.9	10.15	15.2	31	6.0	3.0	20	113	33.7	16	75	84	96	68	37	105	535	37	155	14	**		15	0		
Pol	7.1	10.69	14.9	31	4.1	-2.2	1	118	19.4	29	**	81	95	61	44	124	596	**	**	**	948		12	2		
Portomarín	6.9	11.38	15.6	31	3.5	-1.5	2	105	21.0	16	**	87	98	68	23	67	447	**	**	**	972		12	10		
Riotorto	9.0	12.55	17.9	31	6.0	-0.1	11	117	25.6	29	85	90	99	74	39	110	555	11	92	14	**		15	1		
Sambreixo	6.6	11.16	16.0	31	3.0	-4.2	2	159	51.2	16	**	90	98	71	35	100	530	**	**	**	**		17	11		
**San Clodio	6.6	12.27	17.4	31	2.7	-2.9	21	74	18.0	15	**	89	100	63	**	**	**	2	37	18	995		13	11		
**San Fiz	7.3	11.43	16.3	31	4.3	-1.1	12	85	21.7	27	52	85	95	67	35	102	563	6	54	20	978		9	5		
Santa Cruz	9.4	14.79	19.7	8	5.0	-2.7	2	117	33.5	16	80	85	98	64	40	114	578	6	73	14	**		14	6		
Serra Vacaloura	6.1	9.62	14.0	8	3.6	-0.2	5	109	19.2	29	81	90	99	73	46	131	606	22	97	20	**		14	3		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 1

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Ventosa	6.2	10.06	16.0	1	2.9	-1.1	4	82	15.8	27	41	73	90	54	45	128	600	15	88	14	918	14	5			
**Vilamor	9.9	13.92	18.9	31	6.1	-1.8	2	124	33.3	16	74	74	88	57	38	107	545	10	75	14	**	14	3			
**Xabrega	7.1	11.67	18.2	31	3.7	-2.0	7	95	24.0	15	61	85	96	66	33	93	576	6	86	15	987	12	6			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 1

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva	Xeada
Ourense																											
A Mezquita	4.4	8.34	13.2	8	1.2	-2.0	7	136	25.4	27	--	--	--	--	43	119	573	10	84	22	908	14	13				
**A Portela	7.0	12.28	17.3	31	3.1	-2.7	1	64	13.4	29	28	80	96	56	40	114	570	5	57	16	**	11	10				
**A Trabe	5.0	8.34	11.6	31	2.4	-3.1	8	115	17.2	15	89	85	93	74	29	84	482	4	46	21	934	13	8				
Alto do Rodicio	5.4	8.39	13.4	1	2.6	-2.9	20	125	24.9	29	95	82	94	66	44	125	596	16	81	16	911	16	4				
Amiudal	7.1	10.63	14.6	31	4.1	-1.7	1	177	37.1	29	144	86	96	70	43	124	627	12	78	18	960	13	4				
As Petarelas	6.3	11.07	15.5	31	2.6	-2.7	12	79	24.1	29	**	80	95	59	43	124	609	**	**	**	**	11	10				
Baltar	4.8	10.87	15.3	31	-0.3	-6.8	21	89	20.8	15	56	81	98	57	46	133	656	8	78	16	931	13	18				
Cabeza de Manzaneda	2.2	4.53	13.9	1	-0.5	-7.5	20	97	22.0	16	--	74	88	57	53	14	787	29	112	27	828	16	19				
**Calvos	4.0	9.91	15.1	5	-1.1	-9.7	1	121	21.1	27	94	90	100	68	45	129	651	10	72	15	**	13	19				
**Corzos	4.2	8.85	18.2	1	0.4	-3.3	20	79	22.2	27	**	73	88	56	**	**	**	10	53	16	**	14	17				
Entrimo	6.6	11.36	17.5	8	3.2	-2.1	21	164	34.5	27	**	86	97	69	37	108	561	**	**	**	**	17	3				
**EVEGA Leiro	7.2	12.83	20.1	15	3.2	-3.2	21	75	16.2	27	**	87	96	66	**	**	**	2	41	13	1013	12	11				
Gandarela	7.4	11.37	16.4	31	4.3	-0.3	21	73	22.4	15	36	83	94	66	47	136	640	6	64	14	951	12	2				
Lardeira	2.7	5.62	13.3	8	-0.5	-5.9	20	34	6.8	18	--	--	--	--	--	--	513	--	--	--	--	14	17				
**Larouco	6.5	11.41	15.7	31	2.6	-2.3	21	84	15.3	27	**	--	--	--	**	**	**	--	--	--	--	15	11				
Laza	5.6	9.81	13.5	15	2.1	-2.9	12	101	21.0	15	78	90	98	73	31	89	482	4	49	15	**	12	12				
Monte Medo	6.3	10.98	15.9	8	2.4	-3.3	6	87	26.0	15	**	83	96	63	44	126	589	**	**	**	**	13	12				
O Invernadeiro	4.1	8.91	15.4	8	0.8	-3.8	12	229	36.6	29	--	--	--	--	35	102	527	9	78	20	907	15	15				
Ourense	7.4	12.51	18.4	31	3.7	-1.2	21	76	22.8	15	**	82	94	60	**	**	**	**	**	**	**	10	6				
Ourense-Estacións	8.1	13.03	18.4	31	4.6	0.0	21	77	20.8	15	50	82	94	61	28	82	470	2	40	18	1011	9	0				
**Pazo de Fontefiz	7.1	11.02	16.2	31	3.8	-2.9	2	125	26.1	15	--	83	92	68	34	99	504	5	53	16	976	16	7				
**Ponte Boga	7.0	11.97	18.4	31	3.1	-3.7	1	54	18.4	15	14	73	86	55	42	122	619	4	54	18	970	12	9				
**Prado	7.7	12.51	18.8	31	4.1	-1.2	21	86	21.7	15	**	85	94	67	**	**	**	2	43	14	1009	8	1				
Remuíño	7.1	12.48	18.9	31	3.2	-2.3	21	108	26.2	15	83	88	97	67	23	68	475	5	58	16	**	12	8				
**Riós	5.0	8.43	13.1	8	2.1	-5.2	7	119	22.0	29	93	86	95	72	33	92	530	5	64	15	**	14	7				
San Xoán de Río	5.1	9.09	14.5	8	1.8	-2.2	20	62	13.0	15	25	78	92	59	44	127	600	12	70	18	906	12	7				
Serra do Eixe	4.4	7.53	16.3	1	1.6	-2.7	20	90	18.0	27	56	79	92	62	45	129	605	19	107	16	884	15	8				
Verín-Vilamaior	6.1	10.31	14.5	31	2.7	-3.4	8	69	14.8	15	41	85	95	68	32	94	508	5	45	14	962	13	10				
Verín-Vilela	5.5	11.2	15.6	31	1.4	-5.6	12	57	14.5	15	34	88	98	66	27	79	472	3	42	27	**	11	16				
Viana do Bolo	5.4	10.24	16.5	8	1.4	-4.4	12	65	17.2	27	31	79	93	60	40	115	570	10	73	15	926	12	14				
Xares	2.4	5.22	14.7	1	-0.4	-6.1	20	66	12.8	27	--	73	86	56	48	114	641	--	--	--	828	13	19				
Xinzo	5.4	10.88	15.8	1	0.8	-6.6	12	54	11.9	27	26	89	100	67	43	125	640	9	53	15	952	12	18				
Xurés	5.8	9.12	17.0	1	2.9	-3.5	20	179	31.4	28	54	77	91	57	46	133	660	16	101	16	903	13	4				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 1

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
**A Armenteira	8.6	12.23	14.6	24	5.2	0.5	1	259	65.6	29	229	88	96	73	34	99	519	9	71	16	**			15	0		
A Granxa	8.4	13.58	17.4	22	4.5	-0.8	11	180	35.6	16	152	88	97	68	29	85	505	3	59	16	1025			17	4		
A Lanzada	10.3	13.58	15.9	24	7.1	2.1	12	233	82.4	16	195	87	95	74	44	128	589	20	99	16	**			13	0		
**Areas	9.3	14.21	18.6	22	5.7	0.2	6	188	47.4	27	**	86	94	67	**	**	**	1	36	16	**			14	0		
**Areiro	10.1	14.14	16.6	22	6.8	1.0	1	177	48.2	16	**	--	--	--	**	**	**	--	--	--	--			16	0		
**As Eiras	9.3	13.58	16.2	22	6.0	0.1	20	136	23.0	27	103	88	96	72	38	110	552	6	59	16	1020			12	0		
Atios	8.8	14.14	17.0	22	4.7	-1.0	11	204	43.0	16	178	93	100	71	33	96	504	5	52	16	**			15	4		
Baiona	11.2	14.34	18.2	31	7.7	2.9	21	178	41.4	16	142	87	98	70	40	117	595	9	87	15	**			13	0		
**Barrantes	9.7	13.76	16.1	31	5.5	-1.1	12	242	62.8	27	--	87	97	70	43	104	561	6	59	14	**			17	3		
Cabo Udra	11.0	13.77	15.9	16	8.6	4.0	1	138	29.3	27	96	84	93	71	41	118	579	21	123	16	**			14	0		
Caldas de Reis	9.4	12.94	15.8	3	6.4	0.9	1	306	79.1	29	--	87	97	73	--	--	--	9	67	20	996			17	0		
**Camanzo	8.9	13.39	17.5	31	5.1	-1.5	11	152	37.7	29	115	84	94	68	39	111	572	7	66	16	1000			19	7		
Cangas-Porto	11.2	13.86	16.5	16	8.6	4.5	1	123	31.4	16	**	78	88	64	**	**	**	10	90	16	**			13	0		
Castro Vicaludo	8.6	11.25	13.5	31	6.4	1.6	21	167	31.5	27	136	88	97	76	39	112	563	21	116	14	968			16	0		
Castrove	7.8	10.39	13.0	24	5.6	2.6	21	383	100.0	29	365	91	97	80	11	33	291	9	82	22	973			14	0		
**Cequeliños	8.2	12.14	17.6	31	5.0	-0.2	2	123	41.2	29	86	85	96	66	38	111	598	10	65	15	**			11	1		
Corón	11.0	13.5	16.4	16	8.4	2.5	1	229	70.6	16	-7	83	92	68	43	123	579	15	99	16	1023			14	0		
**Entenza	8.8	13.64	18.1	31	5.4	0.4	11	137	31.2	27	109	88	98	69	33	97	525	2	57	16	**			14	0		
Forcarei	7.0	10.1	14.5	1	4.2	0.8	21	351	88.7	29	326	90	99	75	40	114	568	20	98	16	**			17	0		
Fornelos de Montes	7.6	10.11	14.7	1	5.3	1.5	20	381	80.6	27	347	83	93	68	37	107	524	21	101	19	941			15	0		
Gargamala	8.9	12.7	16.0	22	5.6	-1.3	7	227	51.2	29	196	88	97	71	40	116	550	5	63	15	**			14	3		
Illas Cíes	11.5	13.68	15.9	22	9.4	6.1	1	145	37.1	16	107	87	95	75	43	124	617	17	102	16	**			12	0		
Lalín	7.4	11.37	16.9	1	4.2	0.4	21	128	26.1	16	**	84	97	64	**	**	**	10	67	16	**			12	0		
**Louredo	8.8	12.69	15.3	15	5.4	0.4	1	193	37.3	16	**	--	--	95	**	**	**	--	--	--	--			17	0		
Lourizán	9.9	14.26	17.1	22	6.4	0.9	1	192	48.6	16	161	88	97	70	35	100	551	4	49	16	1019			14	0		
**Meder	9.1	13.55	17.0	22	5.5	-0.6	2	116	22.2	27	**	80	90	64	**	**	**	4	54	15	1008			14	2		
Monte Aloia	7.9	11.5	14.8	1	5.2	0.6	21	283	62.3	27	260	91	98	77	26	75	453	10	79	16	968			17	0		
Mouriscade	7.1	12.1	16.9	1	2.9	-3.6	1	141	28.7	29	34	89	99	66	39	60	538	6	64	15	968			17	10		
O Viso	9.1	13.76	17.0	24	6.0	0.4	1	198	39.8	29	88	82	92	67	38	95	556	9	67	15	993			14	0		
Ons	10.6	12.72	15.4	22	8.6	4.1	1	179	50.0	16	137	85	93	73	41	112	588	23	106	16	1010			15	0		
**Pé Redondo	10.6	13.98	16.1	15	7.5	1.9	1	254	63.4	27	223	86	96	73	37	107	490	5	63	15	**			17	0		
**Ponte Caldelas	8.5	11.94	14.3	31	5.4	-0.7	1	254	58.4	27	216	81	90	68	39	112	529	10	71	14	982			14	1		
Pontevedra-Campolongo	10.5	15.62	20.3	24	6.8	0.9	1	196	45.1	16	**	84	96	60	**	**	**	3	56	27	**			14	0		
Porto de Vigo	11.8	14.49	17.5	31	9.4	4.7	1	104	22.7	16	--	79	89	66	15	44	286	12	76	16	1023			11	0		
Queimadelos	8.5	12.17	14.8	24	5.3	0.2	1	218	47.0	29	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--			15	0		
Rebordelo	7.6	12.52	14.8	8	3.5	-3.3	1	320	80.1	29	**	90	98	71	39	111	539	**	**	**	983			17	10		
San Nomedio	7.8	10.37	14.6	1	5.7	1.5	20	193	39.0	29	163	85	95	71	40	115	564	21	119	19	**			13	0		
Sanxenxo	11.2	14.43	17.0	22	8.2	3.5	1	181	45.4	29	142	78	89	63	44	126	594	6	79	16	1021			13	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 1

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Serra do Faro	5.6	8.47	15.4	1	3.2	-1.3	20	183	43.5	27	154	83	93	67	41	116	524	23	92	19	909	15	3			
**Simes	10.3	14.32	17.0	15	6.4	1.3	1	198	46.9	29	**	85	96	70	38	111	527	**	**	**	**	16	0			
**Soutomaior	9.7	13.84	16.4	31	6.6	0.6	1	187	37.9	29	**	78	86	62	**	**	**	2	40	14	1004	14	0			
**Torrequeintáns	10.4	14.42	16.8	31	6.8	1.0	12	204	57.2	16	--	87	96	72	--	--	--	7	73	14	1016	16	0			
**Tremoedo	10.0	13.65	16.0	16	6.7	0.6	12	238	74.1	16	**	84	93	67	**	**	**	5	65	16	1017	15	0			
Vigo	10.6	14.67	18.3	22	7.5	2.8	1	122	27.1	16	**	80	91	63	**	**	**	**	**	**	**	12	0			
Vigo-Campus	9.0	11.23	13.6	31	6.8	3.3	20	203	54.8	16	167	84	94	71	43	123	608	11	93	16	970	16	0			
Xesteiras	6.8	9.05	13.4	1	5.0	0.7	21	432	98.1	29	**	90	99	77	**	**	**	30	122	15	**	17	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.